

# IGUALDADE



Igualdade, igualdade, igualdade. A todas as institucións se lles enche a boca coa palabra. Sobre todo chegando o 8 de marzo. E a verdade é que algo andivemos. Pero non quererán con iso que fiquemos xa contentas. Botamos a andar unha loita importante, pero aínda queda toda unha andaina por diante: Temos que conseguir que sesa porcentaxe de homes que comparten o traballo doméstico medre. Que rematen as agresións sexuais. No mundo laboral aínda cobramos salarios un 20% por debaixo dos homes. Estamos máis mulleres no paro que homes. A nosa incorporación á Universidade medrou e superamos en número a eles, sen que iso supoña que teñamos unha maior incorporación ao mundo laboral.

A large, stylized white question mark is centered on a solid blue background. The question mark is composed of a thick, curved line that starts at the top left, arches over to the right, and then curves down to a circular dot at the bottom. The text 'ONDE ESTÁS?' is superimposed over the middle of the question mark's stem.

**ONDE ESTÁS?**

O profesorado universitario é maioritariamente masculino. Son-nos negados dereitos tan vitais como o do aborto. Inflúe en todo isto o noso baixo acceso a postos de poder. E tantas outras cousas.

Temos que seguir dicindo, exixindo os nosos dereitos, non ficar caladas. Porque sempre hai que estar alerta: que se o ano da Familia, a defender a tradicional; que se a lei de aborto, non quere a dereita; que se a crise, as mulleres á casa;... Teñen desculpa para todo! A igualdade non é real, o mundo está gobernado por eles, segue sendo masculino. Entón,

non baixemos a guardia!

**MANIFESTACIÓN Día 8  
de Marzo de 1995, ás  
21h. na praza do Toral**

ARM-3  
8-3-1987

**Asociación Galega da Muller**  
**Colectivo de Mulleres Ensinantes "do Rosa ao Violeta"**  
**Comisión da Muller de Galiza Nova**  
**Mulleres da CNT**  
**Grupos de Mulleres da Universidade**  
**Mulheres Nacionalistas Galegas**  
**Mulleres Xóvenes Area**  
**Secretaria da Muller de CC.OO.**  
**Secretaria da Muller da CIG**